

## **ORDENANZA FISCAL NÚM. 20, REGULADORA DA TAXA POR OCUPACION DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VIA PUBLICA.**

Art. 1º. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto na Lei 39/1988, de 28 de decembro, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do de subsolo, solo e voo da vía pública.

Art.2º. Feito imponible.

1. Constitue o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro.

Art.3º. Suxetos pasivos.

1. Son suxetos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, os titulares das licencias outorgadas para disfrute ou aproveitamento especial do dominio público municipal en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo primeiro ou quen se beneficie do aproveitamento, se efectuou sen a preceptiva autorización.

Art.4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeto pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.  
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndocos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art.5º. Cota tributaria.

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1.- Ocupación do subsolo, solo ou voo da vía pública con cables, teberías e análogos:

- a) Con cables ou tuberías de condución non eléctrica: 0,09 €/ml/ano.
- b) Con cables de condución eléctrica. 0,60 €/ml/ano.

2.- As empresas explotadoras de servizo de suministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a contía da taxa consistirán, en todo caso e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as citadas empresas entendendo por ingresos brutos o que establece o Real Decreto dictado en desenvolvemento do artigo 45.2 da Lei 39/88.

3.- A contía da taxa que poidera corresponder á Compañía Telefónica de España, S.A, está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4 da lei 15/87, de 30 e 3 xullo (Disposición adicional oitava da Lei 39/88, de 28 de decembro).

Art. 6º. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Art. 7º. Devengo.

1. A obriga de pago nace desde a concesión do aproveitamento solicitado.

2. O pago realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública no momento de concederse a licencia, efectuándose o mesmo por ingreso na Tesourería Municipal con anterioridade á entrega da correspondente licencia ou autorización, non permitíndose a ocupación ata que se realice o pago.

b) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns e matrículas correspondentes, no prazo en que se determine polo Concello.

c) Nos supostos establecidos nos parágrafos dous e tres do artigo 5º o pago realizarase por trimestres vencidos.

3. As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado sendo irreductibles polo período de tempo determinado na respectiva tarifa.

Art. 8º. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

Art. 9º. Xestión.

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realizar os aproveitamentos sobre o dominio público municipal o que fai referencia esta taxa deberán solicitar previamente a correspondente licencia, achegando plano, detalle da superficie do aproveitamento e a súa situación no termo municipal.
- Autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente polos interesados a solicitude de baixa.
- No suposto que se producirán desperfectos no pavimento ou nas instalacións da vía pública os titulares da licencia ou autorización deberán reintegrar o importe dos gastos de reconstrución e reparación derivados dos danos causados.

#### DISPOSICION FINAL:

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada polo pleno da corporación 29-10-98, entrará en vigor o día 1 de Xaneiro de 1999.

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.